

O DELATOR

John Ford, 1935

980

ESTREA EN NUMAX: 03.08.2022 | V.O.S.E. | +12 | 91 min

Irlanda 1922. Traizón entre amigos para un coñecido filme de Ford. Rodada en menos de 3 semanas. No axitado Dublín dos anos vinte, Gypo Nolan, un tipo sen oficio nin beneficio, expulsado do Exército de Liberación Irlandés e con tendencia a empinar o cóbado, soña con viaxar aos Estados Unidos en compañía da súa moza, Katie, que se gañou a vida como prostituta. Animado pola recompensa que ofrecen as autoridades, Gypo delata o paradeiro do activista Frankie McPhillip, un vello amigo e compañeiro.

«Cun tratamento forte, sen toques pretensiosos, O delator é un dos filmes máis impresionantes do ano»

Ann Ross, MACLEAN'S MAGAZINE



Entrevista con John Ford: «Fíxose en circunstancias moi estrañas»

Por Peter Bogdanovich

É *O delator* un dos seus filmes favoritos?

Eu diría que non. Penso que lle falta sentido do humor, que é o meu forte. Pero fíxose en circunstancias moi estrañas. O xefe da RKO era Joe Kennedy, que quería que me fora con eles. Preguntou: "Podedes buscar algo para que o faga Jack?". Tiñan moitos filmes do Oeste e dixeron: "Estou canso diso, pero aquí teño un argumento escrito polo meu primo Liam O'Flaherty, titulado *O delator*, e creo que sería un gran filme". E entón un tipo -non vou mencionar nomes, pero trátase de xente famosa- vai murmurar con Joe: "Ford ten cousas do tres ao cuarto; unha cousa sobre unha guerra irlandesa que ninguén sabe nin que existira. Non quere facer unha película do Oeste". E Joe dille: "Un argumento irlandés? Probablemente será bo. Por que no deixas que o faga? Custará moito?". "Non" -dixen-, "é un argumento baratiño". Entón dilles aos outros tipos: "Que a faga. E mentres tanto podedes atoparlle unha do Oeste".

Naquel momento comezaban a entrar os produtores e pasáronlle o argumento a outro home de fama, que non quixo saber nada do asunto; foron a catro produtores máis e por fin escolleron o mesmo tipo que tiveramos n'*A patrulla perdida* e díxenlle que ía producir aquilo. El preguntoume de que trataba. Eu díxenlle que o lera e respondeume que nunca lía libros porque non tiña tempo. "Que é iso de que non tes tempo? Que fas polas tardes? Vai a un bar, senta nunha esquina, abre o libro e le".

Pero non o leu nunca. No estudio estaban moi enfadados con todo o asunto e cando levabamos unha semana traballando, Joe Kennedy vendeu a compañía e parouse a película. Logo consideraron: "Temos moito diñeiro metido xa e non está custando demasiado" (custou pouco menos de 200.000 dólares e fixémosla en menos de tres semanas); "ademais temos contratada esta xente", de maneira que por fin decidiron que continuásemos. Pero non me deixaron traballar nos estudos. Mandáronme a un local que se caía de vello na beirarrúa de enfrente, o cal era estupendo porque podía traballar só e non me molestaban. Pero non quixeron construírnos decorados de verdade; a cidade de Dublín non era máis que unha lona pintada.

Seguímos adiante co filme e cando o puxeron en Nova York, os críticos eloxiárono moito. Agora, de súpeto, todos aqueles produtores volvían para que aparecese o seu nome en "producida por". Pero xa estaban feitas as copias, así que saíu sen o seu nome e estaban furiosos. Eu mesmo estaba enfadado con todo o asunto.

Pero paseino ben facéndoa. Estabamos vendo o copión e pregunteille ao produtor: "Viches cando lle pegaban o tiro a Wall Ford e caía pola ventá?". "Oh, si", dixo. "Escoitaches o ruído que facían as unllas no antepeito ao caer?". "Si", di, "pero iso podemos quitálo da banda sonora!". "Meu deus", dixeron, "podemos quitálo da banda sonora!". Naquel momento, el estaba aprendendo todos os termos; e aí tiñamos ese efecto tan dramático do tío ao que lle acaban de pegar un tiro, que araña o antepeito da ventá coas unllas e di "podemos quitálo da banda sonora".